

MEMORIA MOBILITY ERASMUS +

Proxecto Erasmus+: 2024-1-ES01-KA131-HED-000196111

CIFP ANXEL CASAL MONTE ALTO - A CORUÑA - CURSO 2024-2025

Temporalidade e centro de acollida na estadia	Abril 2025 - Stoksund Oppvekstsenter, Noruega
Profesorado participante	Laura Morales Rodríguez e Yolanda Fernández Ledo
Familia profesional	Servizos Socioculturais e á Comunidade
Ciclos formativos vinculados	Ciclo Superior de Educación Infantil Ciclo Superior de Integración Social

1. DATOS XERAIS:

Este documento é a memoria da estadia de prácticas de profesorado dentro da categoría Erasmus + no CIFP Anxel Casal-Monte Alto da Coruña durante o ano académico 2024-2025.

Tratouse dunha estadia de 3 días na comunidade rural de Stokkoya (Noruega) onde tivemos a oportunidade de coñecer o traballo real que se desenvolve en diferentes espazos da comunidade e vinculados á nosa familia profesional.

A estadia seguiu coa premisa de ser un Job Shadowing onde poder observar, acompañar e aprender sobre os recursos visitados, que nesta ocasión foron a escola de educación infantil, o centro educativo de primaria e secundaria, o hotel sostible da comunidade e o proxecto de desenvolvemento comunitario.



2. INFORMACIÓN DE CONTACTO:

DATOS DO PROFESORADO

- Nome e apelidos: Laura Morales Rodríguez e Yolanda Fernández Ledo
- Corpo e/ou especialidade: Profesorado Técnico de Servizos Socioculturais e á Comunidade
- Correo electrónico: laura.morales.rodriguez@edu.xunta.gal e yfledo@edu.xunta.gal

DATOS DA ENTIDADE:

- Nome da entidade: Stoksund Oppvekstsenter, Noruega
- Enderezo: Stokksundveien 1080, 7177 Revsnes, Noruega
- Localidade: Stokkoya
- País de acollida: Noruega
- Páxina web:

<https://www.afjord.kommune.no/tjenester/barn-skole-og-familie/barnehage/barnehagene-i-kommunen/stoksund-oppvekstsenter/>

3. CONTEXTUALIZACIÓN DA ESTADÍA:

A estadía consistiu na visita a unha comunidade rural composta por varias illas en Noruega nas que habitan entre 70 e 200 habitantes en cada unha. Nesta ocasión, o espazo físico, o lugar onde se desenvolve a estadía, é fundamental posto que define por completo o proxecto visitado, a súa filosofía e sistema organizacional.

A escola infantil e o centro educativo de primaria e secundaria, son centros públicos que seguen unha metodoloxía de traballo “outschool”, é dicir, educación ao aire libre. En España, apenas existen modelos similares a este sistema educativo, e os que existen adoitan ser centros privados. Esta cuestión resulta de especial relevancia ao ser unha oferta pública que acolle ademais toda a etapa da educación obrigatoria, ademais da primeira infancia.

Outro aspecto a destacar é o seu enfoque centrado no benestar infantil, traducido nun profundo respecto pola infancia, pola súa autonomía así como as súas necesidades. Visibles tanto na metodoloxía empregada como na organización das actividades e no trato dos seus profesionais.

Por outro lado, nunha das illas instalouse varios anos atrás un pequeno hotel sostible rodeado dunha filosofía de consumo responsable, turismo sostible e medioambientalmente respetuosos e economía circular. Vinculado a este espazo, situáronse varias pequenas casas que seguen esta filosofía e que pretenden reenfocar a habitabilidade da illa, poñendo no centro a importancia de repensar os espazos que se habitan e procurando aumentar o número de residentes da comunidade. Ademais, existe un terceiro espazo que é a Bygdeboksen e que actúa como centro neuráxico a nivel sociocultural e comunitario, con propostas formativas e artísticas para a comunidade e para artistas invitados.

Entender a estadía deste Job Shadowing, é comprender que todos os axentes mencionados antes están relacionados entre si a pesar de ter funcionamento independente. É por iso que nos días que pasamos en Stokkoya, visitamos cada día o centro educativo pero tamén os espazos comunitarios.

4. DESCRICIÓN DAS TAREFAS LEVADAS A CABO:

- Barnehage (escola infantil):
 - Visita ás instalacións.
 - Participación en sesións de aula ou tempos libres e/ou de ocio non dirixidos.
 - Entrevistas cos axentes claves do recurso.
 - Revisión da organización de materiais, espazos, rincóns nas aulas.
- Stoksund Oppvekstsenter (centro de educación primaria e secundaria):
 - Visita ás instalacións.
 - Participación en sesións de aula ou tempos libres e/ou de ocio non dirixidos.
 - Entrevistas cos axentes claves do recurso.
 - Revisión da organización de materiais, espazos, rincóns nas aulas.
 - Saída *uteskole* co grupo de primaria ao bosque.
 - Formación da dirección do centro sobre o modelo pedagóxico de escolas multigrado, escolas ao aire libre e escolas con implantación do modelo TABT (*Tverrfaglig Alders Blandings Tema - Modelo de aprendizaxe interdisciplinario para escolas con grupos de idades diferentes*).
 - Participación da saída co grupo de maiores nunha das accións dentro de TABT.
- Stokkøya Strandhotel and Bygdeboksen (hotel e centro sociocultural):
 - Visita guiada pola comunidade, reparando nos elementos culturais ou etnográficos máis importantes da contorna, tanto a nivel medioambiental, como cultural ou histórico.
 - Visita ó espazo destinado ó coworking
 - Reunión coa dirección do hotel e do proxecto vinculado á Bygdeboksen.
- En xeral:
 - Coñecemento de todos os centros, espazos, equipamentos, profesorado ou profesionais de diversas áreas.

5. CUESTIÓN PEDAGÓGICA A DESTACAR:

En canto ás cuestións pedagóxicas a destacar, gustaríanos dicir que estamos ante un dos mellores sistemas educativos debido a maneira de xestionar os recursos e á convicción do respecto á infancia e a súa felicidade como motor do sistema educativo.

En canto ás ratios de alumnado por profesionais eran reducidas, o que permitía unha atención máis personalizada e unha relación máis próxima co alumnado. Ademais contase con profesionais de apoio dentro das aulas.

En canto a organización do horario escolar, estaba coidadosamente deseñado: impartíanse como máximo cinco clases ó día, con pausas activas entre cada unha, permitindo ós/ás estudantes moverse, descansar ou xogar ó aire libre antes de continuar.

A distribución das materias estaba explicada con antelación, mediante pictogramas e ía retirándose o nome da materia segundo ían pasando, para que foran coñecedoras e coñecedores das materias que restaban ó longo da mañá. Ademais de desdobrar a aula en dúas partes, a primeira parte cun profesional e a segunda con outro, repartindo a metade do alumnado con cada un e despois intercambiándose.

Nas saídas tamén se desdobrava ó alumnado dependendo das súas necesidades, en grupos máis maioritarias, outros con menos alumnado... No referente á metodoloxía destacar tamén que as clases comezaban con retos que debían ir solucionando, ademais do emprego de técnicas novidosas para o desenvolvemento das clases. Trimestralmente faise un proxecto entre todas as asignaturas, traballando en equipo para poder levalo a cabo.

Un día á semana se destina a actividades no bosque, fomentando o contacto directo coa natureza e o desenvolvemento sensorial, físico e emocional. Asímesmo, dous días á semana, desde o recreo en adiante, se dedicaban a actividades lectivas non académicas, como obradoiros creativos, traballo corporal ou xogos cooperativos, co obxectivo de ofrecer unha formación máis integral e lúdica.

No relativo a distribución de espazos, todas as aulas contaban cun espazo anexo destinado á autorregulación, onde o alumnado podía acudir de forma voluntaria cando necesitaba calmarse, concentrarse ou reconectar consigo mesmo. Este enfoque favorece o desenvolvemento emocional e a xestión autónoma dos estados internos.

O centro conta cun comedor, servindo como un espazo de convivencia e descanso.

Outros espazos tamén importantes é o espazo exterior, tanto a zona para a práctica deportiva, como a xogos máis psicomotores e simbólicos, como a zona libre...onde se promovía a exploración dos propios límites físicos mediante o xogo libre e o movemento, sempre nun entorno seguro e acompañado.

6. VALORACIÓN DA ESTADÍA:

A valoración persoal da experiencia foi moi positiva. Aínda que se trata dunha estadía moi curta, puidemos coñecer de primeira man un dos mellores sistemas educativos (tanto no relativo a súa organización como os seus profesionais e o seu currículo oculto), como un proxecto de desenvolvemento rural nunha illa de 200 habitantes.

Este tipo de intercambios enriquecen profundamente a nosa labor como docentes, pero tamén benefician ó alumnado.

O modelo Noruego nesta comunidade rural (pois non é extensible a todo o país) destaca polo seu respecto á infancia, a atención ás necesidades individuais e o fomento da autonomía, aspectos que sen dúbida aportan novas perspectivas para aplicar nos nosos centros. Ademais, o contacto con outras metodoloxías e formas de organización, especialmente no ámbito dos Servizos á Comunidade e da Animación Sociocultural, resulta especialmente valioso. A experiencia confirma que, a pesar da distancia xeográfica, o achegamento e a colaboración con sistemas como este son perfectamente viables e altamente enriquecedores.

Pola parte do proxecto de desenvolvemento rural, puidemos comprobar como dende un hotel se pode levar a cabo, non so un proxecto de economía circular, vivendas de arquitectura sostible, a horta, a gandería local, un espazo coworking, etc.. Senón que tamén como desde un centro educativo e un proxecto rural se pode traballar en equipo para involucrar a toda unha comunidade.

7. PERSPECTIVA DE FUTURO E ACORDOS:

Tras reunión mantida con Olalla Iglesias (Educadora Social e Animadora Sociocultural e Turística), facilitadora do proxecto durante todo o proceso e intermediaria “in situ”, chegaronse a acordos para a sinatura de convenios que posibilitarán estadias de Erasmus para alumnado da familia profesional, concretamente, e grazas tamén a colaboración das persoas responsables de cada recurso, acórdase que se considera positivo contar con alumnado de prácticas do seguinte xeito:

- Early Childhood Education: barnehage - Ciclo Superior de Educación Infantil.
- Social Integration: school's psychologist/social worker or connected to community projects - Ciclo Superior de Integración Social.
- Sociocultural and Tourism Animation: rural development projects like Stokkøya Strandhotel and Bygdeboksen - Ciclo Superior de Animación Sociocultural e Turística.

Recoméndase difundir esta experiencia entre o alumnado para poder desenvolver unha primeira estadía de alumnado, ademais, tendo en conta as circunstancias reais da localización desta comunidade rural sería importante poder firmar dous convenios á vez de prácticas, independentemente de que sexan de dous ciclos diferentes.


8. REPORTAXE FOTOGRÁFICA:

- Barnehage:



- **Stoksund Oppvekstsenter:**





- **Stokkøya Strandhotel:**



- **Bygdeboksen:**



9. AGRADECIMENTOS:

Queremos deixar constancia do agradecemento a todos os axentes implicados na nosa acollida en Noruega. Este intercambio profesional era a primeira vez que se levaba a cabo, sendo así un reto para todas, e neste caso e resultou unha gran aprendizaxe, en gran medida, pola labor de Olalla Iglesias como facilitadora e a confianza mostrada nela e en nós por parte das persoas responsables de cada recurso visitado.